

explotacións asentadas en comarcas veterinarias onde non se vacinase o gando ovino, con destino a ceba, en cuxo caso só se poderán destinar a cebadeiros autorizados polas autoridades competentes de destino.

Así mesmo, en cada partida realizarase unha toma de mostra para a realización dun control analítico con resultado negativo, previo ao movemento, mediante a técnica ELISA nun número de animais tal que asegure, polo menos, o achado dun animal infectado cunha prevalencia do 2 % e un intervalo de confianza do 95 %.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6122 *REAL DECRETO 425/2005, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos técnicos e as normas de actuación que deben cumprir os centros técnicos para a instalación, verificación, control e inspección de tacógrafos dixitais.* («BOE» 91, do 16-4-2005.)

O Regulamento (CEE) n.º 3821/85 do Consello, do 20 de decembro de 1985, relativo ao aparello de control no sector dos transportes por estrada, cuxas últimas modificacións son o Regulamento (CE) n.º 2135/98 do Consello, do 24 de setembro de 1998, e o Regulamento (CE) n.º 1360/2002 da Comisión, do 13 de xuño de 2002, establece no seu artigo 12 que unicamente poderán realizar operacións de instalación e reparación do aparello de control (tacógrafo) os instaladores ou talleres autorizados para tal fin polas autoridades competentes dos Estados membros, unha vez oído, se así o exixisen as ditas autoridades, o ditame dos fabricantes autorizados. Así mesmo, na parte VI do anexo IB (verificacións, controis e reparacións) dispónse que os Estados membros aprobarán, inspeccionarán periodicamente e certificarán os organismos encargados de realizar instalacións, verificacións, controis e reparacións dos tacógrafos dixitais.

A importante función que desempeñarán os tacógrafos dixitais no ámbito da seguridade viaria fai necesario establecer os requisitos técnicos que deben cumprir os centros técnicos nos cales se realizarán as operacións que están recollidas no artigo 12 do Regulamento (CEE) n.º 3821/85 e nos capítulos V e VI do seu anexo IB, que lles permitan ás comunidades autónomas procederem á súa autorización, así como as normas de actuación dos ditos centros.

Dado que as actividades que desenvolverán os centros técnicos son requiridas aos usuarios pola regulamentación vixente, tanto as normas de actuación como os requisitos técnicos deben garantir, en todo o territorio nacional, a alta calidade e homoxeneidade das instalacións, inspeccións e reparacións dos tacógrafos dixitais, sen prexuízo daqueles outros condicionantes que as comunidades autónomas en virtude das súas competencias poidan establecer.

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor establecidas polo artigo 149.1.21.^a da Constitución.

Este real decreto foi sometido a información dos sectores afectados, segundo o previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e ao procedemento de información de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos á sociedade da información, regulado polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, para os efectos de lle dar cumprimento ao disposto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Conse-

llo, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 xullo de 1998.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, do ministro do Interior e da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de abril de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Finalidade.*

O obxecto deste real decreto é establecer os requisitos técnicos e as normas de actuación que deben cumprir os centros técnicos para a instalación, verificación, control e inspección de tacógrafos dixitais.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Son centros técnicos de tacógrafos dixitais (en diante, centros técnicos) as entidades que teñen por obxecto a execución material das intervencións técnicas que se deban realizar sobre os tacógrafos dixitais e que fosen autorizadas previamente polo órgano competente en materia de industria do territorio onde estean radicadas, de acordo co Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, co Regulamento (CEE) n.º 3821/85 do Consello, do 20 de decembro de 1985, relativo ao aparello de control no sector dos transportes por estrada, modificado polo Regulamento (CE) n.º 2135/98 do Consello, do 24 de setembro de 1998, adaptado polo Regulamento (CE) n.º 1360/2002 da Comisión, do 13 de xuño de 2002, e demais disposicións aplicables.

2. Por intervención técnica enténdese calquera das operacións que están recollidas no artigo 12 do Regulamento (CEE) n.º 3821/85 e nos capítulos V e VI do seu anexo IB, incluso as reparacións da instalación, pero non as reparacións do sensor e da unidade intravehicular do tacógrafo dixital.

Non se considerará intervención técnica a montaxe e a programación parcial de parámetros de tacógrafos dixitais desactivados realizada en liña de montaxe polo fabricante do vehículo.

As reparacións a que deban ser sometidos tanto o sensor de movemento como a unidade intravehicular do tacógrafo dixital serán realizadas baixo o control directo do seu fabricante ou representante legal e cumprindo cos obxectivos de seguridade de fabricación.

3. Por tacógrafo dixital enténdese o aparello de control que se axusta aos requisitos do anexo IB do Regulamento (CEE) n.º 3821/85.

Artigo 3. *Incompatibilidades dos centros técnicos.*

Sen prexuízo do réxime de incompatibilidades que poida establecer a Administración competente, os socios ou directivos do centro técnico e o seu persoal no poderán ter participación en actividades de transporte por estrada.

Artigo 4. *Entidades que poden ser autorizadas como centros técnicos.*

1. Poderán ser autorizadas como centros técnicos as seguintes entidades:

a) Os fabricantes e representantes legais de fabricantes estranxeiros de vehículos con instalacións produtivas en España en cuxos vehículos sexa necesario instalar tacógrafos dixitais.

b) Os fabricantes de carrozarías de autobuses e autocares en cuxas carrozarías sexa necesario instalar tacógrafos dixitais.

c) Os fabricantes e representantes legais de fabricantes estranxeiros de tacógrafos dixitais e os seus talleres concesionarios.

d) Os talleres de reparación de vehículos das ramas de actividade mecánica ou electricidade.

e) As estacións de inspección técnica de vehículos (ITV).

2. As entidades das alíneas a) e b) do punto anterior poderán optar por limitar a súa actividade, como centros técnicos, á instalación e activación de tacógrafos dixitais montados durante o proceso de fabricación dos vehículos ou carrozarías que fabrican, ou ben poderán, adicionalmente, estender a súa actividade á inspección da instalación e calibración dos ditos equipamentos.

3. As entidades do punto 1.e) limitarán a súa actividade, como centros técnicos, aos controis periódicos e a súa correspondente calibración dos tacógrafos dixitais.

Artigo 5. *Requisitos técnicos que deben cumprir os centros técnicos e os seus titulares.*

1. As entidades mencionadas no artigo 4.1.a) e b), se van limitar a súa actividade á instalación e activación dos tacógrafos dixitais, serán autorizadas como centros técnicos sempre que estean inscritas no Rexistro de Establecementos Industriais como tales fabricantes.

2. As entidades mencionadas no artigo 4.1.c), d) e e) e as das alíneas a) e b) do mesmo artigo, que pretendan estender a súa actividade á inspección da instalación e calibración, serán autorizadas como centros técnicos cando, ademais de estaren inscritas no Rexistro de Establecementos Industriais, cumplan os requisitos técnicos contidos no anexo I e aqueloutros adicionais que estableza a comunidade autónoma no exercicio das súas competencias.

3. No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.a) e b), cando limiten a súa actividade á instalación e activación dos tacógrafos dixitais, sen prexuízo da facultade inspectora da Administración competente, os centros técnicos deberán manter procedementos de conformidade de produción dos seus vehículos ou carrozarías segundo os puntos 1 e 2 do artigo 10 e os puntos 1 e 2 do anexo X da Directiva 70/156/CEE do Consello, do 6 de febreiro de 1970, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre a homologación de vehículos de motor e dos seus remolques, trasposta ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, polo que se ditan normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas á homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos ou, supletoriamente, manter procedementos segundo o artigo 5 do Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan normas sobre homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos.

4. No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.c), d) e e) e as das alíneas a) e b) do mesmo artigo, que pretendan estender a súa actividade á inspección da instalación e calibración, sen prexuízo da facultade inspectora da Administración competente, os centros técnicos deberán estar certificados de conformidade coa norma UNE-EN ISO 9001:2000, incluíndo no seu alcance o cumprimento dos requisitos particulares descritos na norma UNE 66926 «Sistemas de xestión da calidade. Requisitos particulares para a aplicación da norma UNE-EN ISO 9001:2000 nos centros técnicos de tacógrafos dixitais»,

que garante a homoxeneidade e uniformidade do servizo en todo o territorio nacional.

A certificación establecida no parágrafo anterior será emitida por unha entidade das acreditadas segundo a sección 1.^a do capítulo III do Regulamento da infraestrutura da calidade e a seguridade industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro. A entidade de certificación actuará de acordo cos seus procedementos.

5. En todo caso, as entidades mencionadas no artigo 4.1.c) e d) notificarán os tratamentos de datos de carácter persoal que realicen no ámbito da súa actividade para obter a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñen datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 994/1999, do 11 de xuño.

Artigo 6. *Autorización dos centros técnicos.*

1. Salvo no caso das entidades mencionadas en artigo 4.1.a) e b), cando limiten a súa actividade á instalación e activación dos tacógrafos dixitais, a autorización dos centros técnicos será específica para os tacógrafos dixitais de cada fabricante, en función do cumprimento dos correspondentes requisitos técnicos contidos no anexo I, polo que poderán coexistir nun centro técnico autorizacións para os tacógrafos dixitais de varios fabricantes.

Non obstante o anterior, un centro técnico autorizado poderá retirar ou substituír un tacógrafo dixital, logo de transferencia dos datos almacenados na súa memoria, segundo a disposición adicional primeira, mesmo cando non teña autorización específica para o tacógrafo dixital retirado ou substituído, sempre que si a teña para o tacógrafo dixital substituído e sempre que fose posible realizar a transferencia de datos. Se non foi posible transferir os datos, a retirada do tacógrafo dixital e a emisión do correspondente certificado de intransferibilidade debe ser levada a cabo por un centro técnico autorizado para o tacógrafo dixital substituído.

2. A autorización dos centros técnicos correspóndelle ao órgano competente en materia de industria do territorio onde radiquen as instalacións en que se exerce a actividade, logo de solicitude do titular do centro técnico, e outorgarase segundo o procedemento que a dita Administración estableza, coa previa comprobación fidedigna do cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto e os que, en exercicio das súas competencias, esta estableza.

A autorización terá carácter renovable con periodicidade anual.

No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.c), d) e e), e as das alíneas a) e b) do mesmo artigo que pretendan estender a súa actividade á inspección da instalación e calibración, tanto no momento da primeira solicitude como nas renovacións, o titular do centro técnico achegará os certificados de adestramento de cada responsable técnico e de cada técnico. Estes certificados terán unha vixencia superior a un ano.

Como excepción ao establecido no artigo 5.4, e exclusivamente na autorización inicial, o centro técnico acreditará ante o órgano competente en materia de industria a certificación de conformidade coa norma UNE EN ISO 9001:2000, aínda que este último poderá eximir o centro técnico da inclusión do cumprimento dos requisitos da norma UNE 66926 no alcance da dita certificación da súa actividade, sempre que esa inclusión se estea tramitando e que o órgano competente en materia de industria da comunidade autónoma ou o fabricante ou os fabricantes

para cuxos tacógrafos pretendan ser autorizados certifiquen a validez dos medios técnicos de que dispoñen, os identifiquen e os relacionen.

Para renovar a autorización inicial, o centro técnico deberá cumprir completamente o descrito no artigo 5.4.

3. Cando a titularidade ou a localización do centro técnico se modifique, tal circunstancia deberá ser notificada ao órgano que concedeu a autorización, o cal decidirá se procede a someter ao centro técnico a unha nova autorización, ou soamente a facer a anotación administrativa correspondente, así como se é precisa a presentación de documentos actualizados para o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5.4. Se a nova localización está fóra do ámbito competencial do órgano que concedeu a autorización, será precisa unha nova autorización.

4. Sen prexuízo das facultades da Administración competente, entenderase que a certificación do centro técnico de conformidade coa norma UNE-EN ISO 9001:2000, incluíndo no seu alcance o cumprimento dos requisitos particulares descritos na norma UNE 66926, é condición necesaria e suficiente para a renovación da autorización, sempre que esa certificación fose expedida por un organismo certificador acreditado. Nestes casos, a entidade actuante emitirá a correspondente certificación.

Artigo 7. *Contrasinal e rexistro de centros técnicos.*

1. Ao conceder a autorización correspondente, o órgano competente da comunidade autónoma orixinará un contrasinal identificativo do centro técnico, segundo se especifica no anexo I.

2. O órgano competente en materia de industria da comunidade autónoma creará e manterá un rexistro de centros técnicos autorizados. Nel figurarán os seguintes datos:

- a) Nome ou razón social do titular do centro técnico.
- b) Contrasinal identificativo.
- c) Nome do responsable técnico ou responsables técnicos, de ser o caso.
- d) Localización do centro técnico (vía pública, número, municipio, provincia).
- e) Teléfono, fax e correo electrónico.

3. Semestralmente, as comunidades autónomas comunicaranlle ao órgano directivo competente en materia de seguridade industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as altas e variacións que se produzan nos referidos rexistros.

Artigo 8. *Tarxeta do centro técnico.*

1. Unha vez concedida ou renovada a autorización polo órgano competente ou cando se incorpore un novo responsable técnico ou un técnico, no caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.c), d) e e), e as das alíneas a) e b) do mesmo artigo que pretendan estender a súa actividade á inspección da instalación e calibración, o titular do centro técnico presentará a autorización ou a súa renovación, e os certificados de adestramento a que se alude no artigo 6.2, á autoridade emisora de tarxetas de tacógrafos na forma que regulamentariamente se estableza.

No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.a) e b), cando limitan a súa actividade á instalación e activación, só será preciso presentar a autorización ou a súa renovación.

2. No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.c), d) e e), e as das alíneas a) e b) do mesmo artigo que pretendan estender a súa actividade á inspección da instalación e calibración, a autoridade emisora emitirá as tarxetas intelixentes de centro de ensaio, necesarias para

as intervencións técnicas que se deban levar a cabo, personalizadas a nome de cada responsable técnico, ou de cada técnico. A emisión e remisión das citadas tarxetas e do código de seguridade dos responsables técnicos e dos técnicos realizarase de acordo cos procedementos que para tal efecto se diten.

Aínda que a entidade dispoña de autorizacións distintas para os tacógrafos dixitais de varios fabricantes, só se poderá solicitar unha única tarxeta intelixente de centro de ensaio por cada responsable técnico ou cada técnico.

No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.a) e b), cando limitan a súa actividade á instalación e activación emitiranse, como máximo e en función das súas necesidades, tres tarxetas intelixentes de centro de ensaio personalizadas só co nome ou razón social do titular da autorización.

3. No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.c), d) e e), e as das alíneas a) e b) do mesmo artigo que pretendan estender a súa actividade á inspección da instalación e calibración, cada tarxeta intelixente de centro de ensaio só poderá ser utilizada polo responsable técnico ou o técnico a cuxo nome estea personalizada.

No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.a) e b), cando limitan a súa actividade á instalación e activación, as tarxetas asignadas serán utilizadas exclusivamente polos operarios designados polo titular e dentro dos procedementos de traballo que para tal efecto se deben establecer.

4. A responsabilidade sobre a utilización e a custodia das tarxetas correspóndelle ao centro técnico.

De ser o caso, o centro técnico débelle impedir o uso da tarxeta ao responsable técnico ou a un técnico cando estea inhabilitado por sanción ou como consecuencia das avaliacións internas, ou deixe de prestar os seus servizos no centro técnico, o cal estará obrigado, neses casos, a lle devolver a tarxeta á autoridade emisora.

O responsable técnico e o técnico asinarán cadanseu documento, á primeira entrega da tarxeta, aceptando as condicións de uso e custodia desta. Igualmente, cada un comprometerase a non divulgar o código de seguridade que lle fose asignado, non permitirá que outros utilicen a tarxeta que ten personalizada ao seu nome e informará de calquera mal funcionamento, perda ou subtracción da tarxeta.

Todas as tarxetas intelixentes vixentes emitidas para a utilización polo centro técnico estarán en todo momento neste, salvo nos casos excepcionais que se mencionan no artigo 10.4, e á disposición da Administración competente e dos organismos inspectores.

Nas intervencións técnicas os centros técnicos autorizados utilizarán exclusivamente as tarxetas que lles foron asignadas pola autoridade emisora, e sempre de acordo coas súas instrucións.

5. O centro técnico será o responsable da solicitude de novas tarxetas intelixentes de centro de ensaio, para substituír as caducadas ou que non funcionen correctamente, de conformidade cos procedementos que para o efecto se diten.

Artigo 9. *Rexistro de intervencións técnicas.*

No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.c), d) e e), e as das alíneas a) e b) do mesmo artigo que pretendan estender a súa actividade á inspección da instalación e calibración, o centro técnico levará un rexistro, segundo se especifica no anexo I, con todas as intervencións técnicas realizadas. O rexistro poderase realizar por procedementos informáticos.

O centro técnico gardará estes rexistros durante, polo menos, tres anos.

2. O rexistro cumprirá calquera outro requisito que o órgano competente en materia de industria estableza.

Artigo 10. Outros requisitos que se deben cumprir durante as intervencións técnicas.

1. Nas intervencións técnicas sobre os tacógrafos dixitais seguirase, en todo caso, o establecido no artigo 12 e no anexo IB do Regulamento (CEE) n.º 3821/85. Complementariamente, seguiranse as instrucións ou recomendacións que sexan aplicables e que, de ser o caso, establezan os fabricantes tanto dos vehículos como dos tacógrafos dixitais.

A activación do tacógrafo dixital levarase a cabo no local onde fose completada a súa instalación, ben do fabricante do vehículo, ben doutro centro técnico, pero sempre antes da súa posta en circulación.

Previamente á execución de calquera intervención técnica sobre un vehículo en servizo, o centro técnico verificará que o número de serie do sensor de movemento instalado na caixa de cambios do vehículo coincide co rexistrado na memoria da unidade intravehicular. Noutro caso, indagarase a causa da discrepancia, corrixiase e farase constar no informe técnico da intervención.

2. A placa de instalación, colocada despois de determinadas intervencións técnicas, cumprirá, ademais, coas características recollidas no anexo I.

3. As conexións do tacógrafo dixital deberán ser precintadas e marcadas polo centro técnico nos casos en que regulamentariamente así estea establecido. Nestes casos, o precintado realizarase segundo se especifica no anexo I.

Cando un vehículo se presente no centro técnico sen algún dos seus precintos, ou con algún dos seus precintos roto ou danado, en ningún caso se procederá ao seu reprecintado sen ter inspeccionado e controlado a instalación e o tacógrafo dixital, incluída a realización dunha calibración. En todo caso, farase constar tal circunstancia no informe técnico da intervención.

4. Todas as intervencións técnicas, así como o precintado, deben ser realizadas nos locais do centro técnico. En casos excepcionais poderán ser realizadas en locais alleos, con autorización expresa do órgano competente, logo de solicitude motivada do titular do centro técnico.

5. O titular do centro técnico responsabilizarase de que os elementos e útiles de precintado, así como as tarxetas intelixentes de centro de ensaio, necesarios para as intervencións técnicas, sexan gardados en armarios cerrados.

Calquera extravío, perda ou subtracción dalgún dos elementos, útiles ou tarxeta mencionados no parágrafo anterior deberá ser comunicado inmediatamente ao órgano competente en materia de industria. No caso de subtracción, ademais, denunciarse ante o corpo ou forza de seguridade competente.

O centro técnico manterá un rexistro con todos os extravíos, perdas e subtraccións e arquivará as comunicacións e denuncias relacionadas con aqueles, así como as comunicacións recibidas ao respecto.

6. Deberase emitir un informe técnico de cada intervención técnica realizada, salvo nas instalacións e activacións de tacógrafos dixitais durante a fabricación de vehículos e as súas carrozarías. O dito informe axustarase ao modelo especificado no anexo I.

O informe técnico emitirase con copia, que se gardará no centro técnico durante, polo menos, tres anos.

7. En todos os casos, o centro técnico deberá asegurar a descarga periódica, a creación dunha copia de seguridade e a custodia dos rexistros almacenados na memoria das súas tarxetas intelixentes de centro de ensaio, sen perda de información. Estes datos serán mantidos durante, polo menos, tres anos despois da descarga.

Artigo 11. Réxime sancionador.

O incumprimento polos centros técnicos dos requisitos técnicos e normas de actuación establecidos neste real decreto será sancionado segundo o disposto no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

A incoación dos expedientes sancionadores será realizada polos órganos competentes en materia de industria ou de transporte. Con carácter cautelar, poderase acordar a suspensión da autorización cando exista negligencia ou mala fe.

Cando, como consecuencia dun expediente sancionador, derive a retirada da autorización do centro técnico, a suspensión da autorización, a inhabilitación do responsable técnico ou dalgún dos seus técnicos, as tarxetas intelixentes serán remitidas á autoridade que as emitise.

Disposición adicional primeira. Transferencia dos datos almacenados na memoria do aparello de control.

1. Complementariamente ás intervencións técnicas a que fai referencia este real decreto, os centros técnicos das entidades mencionadas no artigo 4.1.c) e d) estarán en condicións de realizar transferencias de datos almacenados na memoria do aparello de control, logo de conformidade de quen presenta o vehículo, para poñelos á disposición da empresa de transportes á cal corresponden, nos casos e seguindo as instrucións que regulamentariamente se establezan.

2. A transferencia a que fai referencia o punto anterior deberase realizar previamente á substitución ou retirada da unidade intravehicular dun aparello de control activado instalado nun vehículo. De cada transferencia realizada farase unha copia informática de seguridade.

Unha vez realizada a transferencia, comprobarase que os datos transferidos conteñen todos os elementos de seguridade relativos á súa autenticidade e integridade.

De cada transferencia realizada anotarase os datos necesarios para a posterior emisión dun informe sobre transferencia de datos, segundo o modelo que se recolle no anexo II.

3. Todos os arquivos informáticos das transferencias realizadas, e as súas copias de seguridade, serán gardados no armario ou arca de seguridade previstos para o efecto, no recinto de acceso restrinxido do centro técnico.

Os arquivos informáticos de transferencias e as súas copias de seguridade serán gardados por un ano, desde a data da transferencia. Unha vez cumprido o dito prazo, eses arquivos e as súas copias de seguridade deberán ser destruídos.

De cada destrución de arquivos informáticos que se realice emitirase un documento de destrución onde figure:

- a) A data de destrución.
- b) A matrícula do vehículo de onde se transferiron.
- c) O número de bastidor do vehículo de onde se transferiron.
- d) O número de serie da unidade intravehicular desde onde se transferiron.
- e) A sinatura dixital do arquivo informático destruído.
- f) O método de destrución.
- g) A persoa que a realizou.

4. Todas as transferencias realizadas, incluso as intentadas e non conseguidas, se anotarán no rexistro a que fai referencia o artigo 9, como se dunha intervención técnica se tratase.

5. Os equipamentos utilizados para as transferencias deberán ser compatibles cos tacógrafos dixitais sobre os que se interveña. Non obstante, ademais, cumprirán cos seguintes requisitos:

- a) O acceso ao equipamento informático utilizado estará protexido por unha clave.
- b) Se existe unha base de datos á cal se envíen os datos da transferencia, o acceso a esta tamén estará protexido por unha clave.

6. Unha vez realizada a transferencia, débesele comunicar por escrito á empresa de transportes que realízase o último bloqueio de datos a dispoñibilidade destes últimos e a necesidade de solicitar por escrito a súa remisión. Igualmente, daráselle a coñecer os procedementos para a remisión dos datos transferidos. Estes son:

- a) En man a unha persoa.
- b) Por correo electrónico ou pola internet.
- c) Por empresa de mensaxaría.
- d) Por correo certificado.

Os datos só se remitirán logo de solicitude por escrito da empresa de transportes que fixo o último bloqueio de datos, ou de calquera outra empresa que teña un bloqueio de datos anterior, ou por solicitude da autoridade competente.

O envío dos datos transferidos pola internet deberase facer de forma segura (por exemplo, mediante SSL ou http).

Adicionalmente, o centro técnico emitirá por duplicado un informe sobre transferencia de datos, segundo o modelo que se recolle no anexo II, un de cuxos exemplares será remitido por correo certificado á empresa de transportes.

7. O centro técnico manterá un arquivo, durante polo menos tres anos, para cada envío realizado, dos datos transferidos coa seguinte información:

- a) A solicitude ou as solicitudes escritas da empresa ou das empresas de transportes.
- b) O informe sobre transferencia de datos.
- c) Os detalles da tarxeta de empresa á cal se envían os datos transferidos (número de tarxeta, nome da empresa, enderezo, Estado membro emisor, período de validez).
- d) A data de envío.
- e) A forma de envío.
- f) O aviso de recepción.

8. Os equipamentos de que dispón o centro técnico para as transferencias que se realicen segundo esta disposición adicional poderán ser utilizados para transferencias voluntarias de empresas de transportes, pero utilizando para elas a tarxeta de empresa de transportes, nunca unha tarxeta intelixente de centro de ensaio.

9. Todo o disposto nos puntos anteriores desta disposición adicional será aplicable ás unidades intravehiculares de segunda man que se pretenda instalar en vehículos, xa sexa debida a unha substitución por intercambio en servizo do centro técnico ou facilitada polo propietario do vehículo.

10. No caso en que, cos medios dispoñibles no centro técnico, non sexa posible facer a transferencia de datos, o centro técnico emitirá por duplicado un certificado de intransferibilidade, segundo o modelo que se recolle no anexo II, un de cuxos exemplares será remitido por correo certificado á empresa de transportes. O centro técnico gardará copia dos certificados emitidos, durante un período de cinco anos.

11. Todos os datos transferidos, os documentos xerados como consecuencia desta actividade e os seus rexistros estarán á disposición das autoridades competentes en materia de inspección do transporte terrestre.

Disposición adicional segunda. Substitución de aparellos de control analóxicos.

En aplicación do disposto no artigo 2.1.b) do Regulamento (CE) n.º 2135/98 do Consello, do 24 de setembro de 1998, a partir da data en que sexa obrigatorio instalar tacógrafos dixitais a vehículos de nova matriculación, cando sexa preciso substituír un aparello de control, construído segundo o anexo I do Regulamento (CEE) n.º 3821/85, e na medida en que a transmisión de sinais se efectúe por completo electricamente, en vehículos matriculados por primeira vez a partir do 1 de xaneiro de 1996 e destinados ao transporte de persoas que conteñan, ademais do asento do condutor, máis de oito prazas sentadas e cuxo peso máximo supere as 10 toneladas, así como nos vehículos destinados ao transporte de mercadorías cuxo peso máximo supere as 12 toneladas, o aparello de control de substitución será sempre un equipamento que cumpra co anexo IB do Regulamento (CEE) n.º 3821/85.

A substitución de aparellos de control analóxicos por aparellos de control dixitais realizarase de conformidade co establecido neste real decreto.

Non obstante o anterior, non se considerará substitución, segundo os parágrafos anteriores, a única substitución por intercambio en servizo de unidades intravehiculares analóxicas defectuosas.

Esta prescrición é aplicable tanto aos centros técnicos autorizados segundo este real decreto como aos talleres autorizados de conformidade coa Orde do 24 de setembro de 1982.

Disposición adicional terceira. Verificacións en centros técnicos como consecuencia de controis en estrada.

Non obstante o establecido no requisito técnico A.8 do punto 1 do anexo I, cando, como consecuencia dun control en estrada, os servizos de inspección ou as forzas encargadas da vixilancia do transporte en estrada acompañen un vehículo ata un centro técnico, en cumprimento do establecido no artigo 33.4 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, este realizará as verificacións pertinentes, nas condicións establecidas no dito artigo, coa máxima dilixencia, co fin de non perturbar a actuación inspectora.

Disposición adicional cuarta. Desprecintado de tacógrafos dixitais.

Cando, nos casos previstos no capítulo V, punto 3, do anexo IB do Regulamento (CEE) n.º 3821/85, sexa preciso retirar calquera dos precintos do tacógrafo dixital, e ata a reposición destes por un centro técnico, levarase a bordo do vehículo un certificado do taller que os retirou, que indique a data e a causa da retirada, así como unha copia da factura dos traballos realizados e que ocasionaron a retirada dos precintos.

En ningún caso se admitirá a permanencia dos elementos obrigados a precintado sen os seus precintos, por un prazo superior a sete días.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.21.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, sen prexuízo das competencias que, de ser o caso, lles correspondan ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

1. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, o ministro do Interior e a ministra de Fomento quedan facultados, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

2. Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para adaptar os anexos aos novos criterios técnicos de carácter nacional e internacional cuxa observancia se considere necesaria para a súa aplicación.

Dado en Madrid o 15 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

1. Requisitos técnicos para a autorización.

A. Requisitos técnicos xerais.

A.1 O centro técnico que sexa parte dunha organización que realice, ademais, outras funcións distintas da intervención técnica sobre tacógrafos dixitais debe ser identificable dentro desa organización.

A.2 O centro técnico estará en disposición de realizar polos seus propios medios todas as intervencións técnicas, a que fai referencia este real decreto, para as que vaia ser autorizado.

A.3 O centro técnico estará situado en lugares de fácil acceso e nos cales o fluxo de vehículos non provoque conflitos de tránsito na zona.

O centro técnico disporá no exterior do edificio, en lugar ben visible, dun sinal normalizado que o identifique como tal, cando así se defina regulamentariamente.

A.4 O centro técnico deberá dispor dun espazo definido para realizar as intervencións técnicas. Dentro dese espazo, existirá un recinto con acceso exclusivo para o persoal do centro técnico.

O recinto de acceso exclusivo disporá:

a) Dun armario ou cuarto con pechadura de seguridade onde se manterán, cando non estean sendo utilizados, os equipamentos de calibración, ou material de preinstalado, as tarxetas intelixentes e as placas de instalación.

b) Dun armario ou arca de seguridade con pechadura para arquivo de todos os documentos relacionados coa actividade, o persoal e os equipamentos, así como para os impresos que se vaian utilizar como consecuencia das intervencións técnicas.

c) No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.c) e d), un armario ou arca de seguridade con pechadura para todos os soportes informáticos, e para as súas copias de seguridade, relacionados coa actividade de transferencia de datos.

O centro técnico establecerá un procedemento documentado para a regulación do acceso ao recinto de acceso exclusivo e a utilización das pechaduras dos armarios ou arcas de seguridade.

A.5 O centro técnico disporá, ou estará en condicións de dispor, de sistemas telemáticos para a transmisión da información das intervencións técnicas realizadas, na forma en que regulamentariamente estea establecida ou se estableza.

A.6 O centro técnico deberá ter exposta, para consulta dos usuarios, a seguinte información:

- a) Copia do documento vixente de autorización.
- b) Nome dos responsables técnicos e dos técnicos habilitados para as intervencións técnicas.
- c) Copia dos respectivos certificados de adestramento vixentes.
- d) Composición do contrasinal identificativo asignado.
- e) No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.c) e d), copia da certificación de rexistro na Axencia Española de Protección de Datos.
- f) Horarios de traballo.
- g) Tarifas de prezos aplicables.
- h) De existiren restricións de peso ou de calquera outra índole a vehículos que poidan ser sometidos a intervención técnica.

En aplicación do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o centro técnico comunicarlles previamente aos seus traballadores o uso que se vai facer dos seus datos de carácter persoal para cumprir con este requisito.

A.7 O centro técnico deberá ser imparcial en canto ás condicións en que se realizan as intervencións técnicas.

A.8 O centro técnico deberá prestar o servizo de intervención técnica sobre tacógrafos dixitais para o que foi autorizado pola Administración competente a todos os que llo soliciten, sen ningún tipo de discriminación e nas mesmas condicións. Os procedementos de intervención técnica deberán ser aplicados de forma non discriminatoria.

A.9 O centro técnico garantirá a confidencialidade do persoal sobre toda a información obtida externamente ou xerada internamente no curso da intervención técnica sobre tacógrafos dixitais.

A.10 O centro técnico debe dispor en cadro de persoal, como mínimo, de dúas persoas: un responsable técnico e un técnico. Estas persoas non estarán inhabilitadas como consecuencia de expediente sancionador.

O centro técnico comunicarlle ao órgano competente da comunidade autónoma os nomes destas persoas, así como a súa cualificación e certificados de adestramento que os habilitan. Así mesmo, o centro técnico comunicará as altas, baixas e variacións.

En aplicación do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o centro técnico comunicarlles previamente aos seus traballadores o uso que se vai facer dos seus datos de carácter persoal para cumprir con este requisito.

A.11 O responsable técnico debe ter unha titulación mínima de FP II ou equivalente na rama industrial ou experiencia documentada de cinco anos en tacógrafos, así como coñecementos de informática a nivel de usuario. Ademais, debe ter superado un proceso de adestramento que inclúa a aplicación da lexislación vixente, as especificacións técnicas do aparello de control e do sistema operativo.

Os técnicos deben ter, como mínimo, unha categoría profesional de oficial de primeira e deben ter superado un proceso de adestramento que inclúa a aplicación da lexislación vixente e as especificacións técnicas do aparello de control.

No caso de que o centro técnico interveña sobre tacógrafos dixitais de distintos fabricantes, debe dispor do correspondente adestramento específico.

A.12 O centro técnico deberá establecer nos seus manuais de calidade os procedementos para avaliar a correcta execución polo seu persoal de todas as funcións exixidas para as intervencións técnicas, e preverá a inhabilitación para estas daqueles cuxa incompetencia sexa manifesta ou que executen as súas funcións de forma incorrecta.

A.13 O centro técnico debe asegurar a actualización do adestramento, polo menos cada 18 meses, tanto do responsable ou dos responsables técnicos como dos técnicos.

A.14 Os procesos de adestramento e a súa actualización periódica realizaranse nos departamentos de formación dos fabricantes de tacógrafos dixitais ou dos seus representantes legais, logo de comunicación ao órgano competente en materia de industria onde o dito departamento de formación estea radicado. Opcionalmente, o órgano competente en materia de industria poderá autorizar que os procesos de adestramento se realicen en centros oficiais de formación radicados no territorio da comunidade autónoma, ou noutros centros de formación con sistema de xestión da calidade certificado de conformidade coa norma UNE-EN ISO 9001:2000, incluíndo o cumprimento do prescrito neste requisito.

O persoal que leve a cabo o adestramento dos traballadores deberá acreditar documentalmente unha experiencia suficiente en docencia e ter recibido, eles mesmos, adestramento específico e actualizado para formadores impartidos polos fabricantes dos tacógrafos dixitais.

Na programación do proceso de adestramento dos traballadores deberase incluír: a aplicación da regulamentación vixente, as especificacións técnicas actualizadas do aparello de control, transferencia de datos e aplicacións informáticas para realizar as intervencións técnicas sobre aquel, realización de prácticas de instalación, parametrización e precintado cos equipamentos e probas de avaliación.

Os procesos de adestramento e as súas actualizacións realizaranse coa presenza física dos traballadores designados no departamento ou centro de formación, en días laborables e cun máximo de 16 asistentes. Os procesos de adestramento iniciais terán unha duración mínima de tres días, cun mínimo de 20 horas. Os procesos de actualización do adestramento terán unha duración mínima de dous días, cun mínimo de 12 horas.

Como material didáctico disporase, por cada dous alumnos, do seguinte:

- a) Un ordenador persoal de características adecuadas ás aplicacións informáticas actualizadas do aparello de control.
- b) Un banco de demostracións do aparello de control instalado a unha fonte de alimentación que permita o seu correcto funcionamento.
- c) Un equipamento técnico de control que permita realizar nos aparellos de control a activación, programación, calibración e descarga de datos.
- d) Manuais técnicos e manuais de usuario do aparello de control.

Os departamentos ou centros de formación comunicaranlles aos órganos competentes das comunidades autónomas onde se encontren radicados e con, polo menos, 10 días de antelación, para cada proceso de adestramento: a data, o temario, o lugar onde terá lugar e o nome dos adestradores, do titular e do suplente que os desenvolverán.

Os departamentos ou centros de formación expediranlle un certificado a cada traballador que superase o proceso de adestramento, con indicación das datas en que se realizou. Así mesmo, deberán levar un rexistro de todos os procesos de adestramento realizados e dos traballadores asistentes.

Os departamentos ou centros de formación comunicaranlles aos órganos competentes das comunidades autónomas onde estean radicados os centros técnicos dos cales proceden os traballadores, nun prazo inferior a 15 días, o nome dos traballadores asistentes que superaron o proceso de adestramento e a razón social da entidade ou taller do cal proceden.

En aplicación do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o departamento ou centro de formación comunicaranlles previamente aos traballadores o uso que se vai facer dos seus datos de carácter persoal para cumprir con este requisito.

A Administración competente poderá, en calquera momento, inspeccionar os departamentos ou centros de formación, os seus rexistros e o desenvolvemento dos procesos de adestramento.

A.15 O titular do centro técnico deberá subscribir pólizas de responsabilidade civil, avais ou outras garantías financeiras outorgadas por unha entidade debidamente autorizada, que cubran os riscos da súa responsabilidade, respecto a danos materiais e persoais a terceiros, por unha contía mínima de 60.000 euros, sen que a contía da póliza limite a dita responsabilidade. A devandita contía quedará anualmente actualizada en función do índice de prezos de consumo da comunidade autónoma onde presten o servizo.

B. Requisitos técnicos dos equipamentos de intervención técnica.

B.1 O centro técnico debe dispor duns medios e equipamentos idóneos e adecuados, que lle permitan levar a cabo todas as actividades necesarias relacionadas cos servizos de intervención técnica. Os devanditos medios e equipamentos deberán ser compatibles cos tacógrafos dixitais sobre os cales se interveña.

B.2 Os equipamentos utilizados en cada intervención técnica deberán quedar identificados e documentados.

B.3 Os equipamentos de medida deberán ser utilizados de tal maneira que aseguren que a incerteza das medidas sexa coñecida e adecuada á magnitude que se está a medir.

B.4 O centro técnico deberá garantir que os equipamentos de intervención técnica son utilizados, mantidos e almacenados de forma que se asegure a idoneidade continuada para o uso ao cal están destinados.

B.5 Os equipamentos de intervención técnica deberán estar protexidos contra posibles manipulacións.

B.6 O centro técnico debe dispor de procedementos documentados para o tratamento dos equipamentos defectuosos ou fóra de calibración. Estes débense pór fóra de servizo mediante segregación, etiquetaxe ou marcas visibles.

B.7 Cando se detecte o emprego de equipamentos defectuosos, o centro técnico debe estudar os efectos sobre as intervencións técnicas realizadas con estes equipamentos anteriormente, e informar o órgano competente da comunidade autónoma de tal continxencia.

B.8 Os instrumentos de medida utilizados no centro técnico estarán suxeitos a control metrolóxico do Estado, segundo o establecido na Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, cando exista lexislación metrolóxica ao respecto.

Os equipamentos de intervención técnica utilizados nos centros técnicos deberán ser sometidos a controis para asegurar o seu correcto funcionamento segundo un programa definido coas seguintes frecuencias mínimas:

- a) Banco de rolos: mensual.
- b) Manómetros para medir a presión de inflado de pneumáticos: mensual.
- c) Equipamento de calibración: semanal.

B.9 Nos ordenadores ou outros equipamentos utilizados no proceso de intervención técnica, deberase asegurar a compatibilidade dos programas cos tacógrafos dixitais para os que vaia ser autorizado.

B.10 En caso de calibracións externas, o centro técnico deberá contratar a calibración periódica dos seus

equipamentos de medición cun organismo competente, capaz de asegurar a rastrexabilidade cun patrón nacional ou internacional.

B.11 Os procedementos de calibración deberán definir os procesos de calibración, condicións ambientais, frecuencia, criterios de aceptación e accións correctoras que se deben adoptar cando sexan inadecuados.

B.12 Sen prexuízo do que estableza a regulamentación específica de control metrolóxico, os equipamentos de medición deberán ser calibrados antes da súa utilización, e polo menos coas seguintes frecuencias durante o seu uso:

- Banco de rolos: anual.
- Manómetros para medir a presión de inflado de pneumáticos: anual.
- Equipamento de calibración: anual.

B.13 As calibracións internas dos equipamentos de medida realizaranse de forma que se garanta a rastrexabilidade das medidas a patróns nacionais ou internacionais.

B.14 Cando o centro técnico dispoña de patróns de referencia para o seu uso nel, só se deben utilizar para a calibración, excluíndose calquera outro uso. Os patróns de referencia deben ser calibrados por un organismo competente capaz de asegurar a rastrexabilidade cun patrón nacional ou internacional.

B.15 O estado de calibración dos equipamentos deberá ser marcado sobre eles de forma inequívoca mediante etiquetas, que indiquen polo menos a data de calibración e a data da próxima calibración.

B.16 O centro técnico deberá manter rexistros de todos os controis e calibracións levados a cabo.

B.17 O centro técnico deberá garantir que todos os equipamentos utilizados nas intervencións técnicas son almacenados de conformidade cos procedementos establecidos no seu sistema de calidade.

B.18 O centro técnico deberá asegurar que todos os equipamentos utilizados nas intervencións técnicas estean clara e completamente descritos na documentación do fabricante que lle achega á nota de entrega, incluíndo:

- Tipo, clase e identificación.
- Especificacións técnicas.
- De ser necesario, normas que debe cumprir.

B.19 O centro técnico deberá garantir que no momento da recepción de todos os equipamentos utilizados nas intervencións técnicas se comproba o total cumprimento dos requisitos exigibles.

B.20 Na recepción dos equipamentos deberase comprobar polo menos:

- Conformidade, en canto á fabricación e funcións, cos requisitos exigibles.
- Número de identificación.
- Ausencia de estragos.
- Documentación técnica que o acompaña.

2. Contrასinal do centro técnico.

O contrასinal terá a forma seguinte:

E9x...xyzzz

Sendo:

a) x...x un ou varios caracteres alfabéticos en función do fabricante dos tacógrafos dixitais para os cales está autorizado, segundo a seguinte listaxe non limitativa:

- Siemens VDO.
- Stoneridge.
- Actia.

No caso das entidades mencionadas no artigo 4.1.a) e b), cando limitan a súa actividade á instalación e activación dos tacógrafos dixitais, utilizarán como carácter alfabético X.

b) yy un número de codificación provincial, en función da domiciliación do centro técnico, segundo a seguinte relación:

Araba	01
Albacete	02
Alicante/Alacant	03
Almería	04
Ávila	05
Badajoz	06
Illes Balears	07
Barcelona	08
Burgos	09
Cáceres	10
Cádiz	11
Castellón/Castelló	12
Ciudad Real	13
Córdoba	14
A Coruña	15
Cuenca	16
Girona	17
Granada	18
Guadalajara	19
Gipuzkoa	20
Huelva	21
Huesca	22
Jaén	23
León	24
Lleida	25
La Rioja	26
Lugo	27
Madrid	28
Málaga	29
Murcia	30
Navarra	31
Ourense	32
Asturias	33
Palencia	34
Palmas (As)	35
Pontevedra	36
Salamanca	37
S. C. de Tenerife	38
Cantabria	39
Segovia	40
Sevilla	41
Soria	42
Tarragona	43
Teruel	44
Toledo	45
Valencia/València	46
Valladolid	47
Bizkaia	48
Zamora	49
Zaragoza	50
Ceuta	51
Melilla	52

c) zzz o número de orde correlativa no rexistro.

3. Rexistro de intervencións técnicas.

O rexistro deberá conter os seguintes datos:

- Nome do centro técnico.
- Contrასinal asignado.

De cada agrupación de intervencións técnicas que se realice, das que figuran na alínea c) seguinte, rexistrase:

- a) Número de orde.
- b) Data.
- c) Tipo de intervención técnica:

Instalación / activación.
Calibración / control / reparación.
Transferencia / certificación de intransferibilidade / substitución.

- d) Marca do tacógrafo.
- e) Contrásinal de homologación, segundo o Regulamento (CEE) n.º 3821/85, do tacógrafo dixital.
- f) Número de fabricación da unidade intravehicular.
- g) Lectura do hodómetro.
- h) Matrícula do vehículo.
- i) Categoría do vehículo.
- j) Marca do vehículo.
- k) Circunferencia efectiva dos pneumáticos das rodas, na forma «l= mm».
- l) Tamaño dos pneumáticos que incorpora.
- m) Coeficiente característico do vehículo, na forma «w= imp/km».
- n) Constante do tacógrafo dixital, na forma «k= =.... imp/km».
- o) Valor de axuste do dispositivo limitador de velocidade (de ser o caso), na forma «v= km/h».

Farase constar tamén o nome do técnico que realizou a operación.

Cando o tacógrafo dixital sexa instalado en vehículos antes da súa matriculación, no canto da matrícula do vehículo faranse constar as sete últimas cifras do número de bastidor.

4. Placa de instalación.

A placa de instalación terá as seguintes características:

- a) As dimensións mínimas serán: 50 * 80 mm.
- b) O material será: metal, plástico ou papel plastificado.
- c) Ademais dos datos exixidos no anexo IB do Regulamento (CEE) n.º 3821/85, deberá figurar o contrásinal completo do centro técnico e o número de fabricación da unidade intravehicular.

A placa deberá estar precintada ou adherida mediante un sistema que impida a súa retirada sen resultar destruída.

A placa deberá ser cuberta de tal forma que sexan ben lexibles e indelebles os datos consignados nela e que non poidan ser alterados.

Todo o establecido neste punto é sen prexuízo da validez das placas de instalación colocadas polas entidades mencionadas no artigo 4.1.a) e b), cando limitan a súa actividade á instalación e activación dos tacógrafos dixitais ou por instaladores ou centros técnicos doutros países, de cumpriren o disposto no anexo IB do Regulamento (CEE) n.º 3821/85.

5. Precintado.

Os precintos poderán ser de calquera material plástico ou cápsulas plásticas en cabezas de parafusos.

Todos os precintos serán marcados, mediante elementos que non permitan a súa modificación, con polo menos a parte yzzz do contrásinal do centro técnico.

6. Modelo de informe técnico.

Emitirase un informe técnico por cada tacógrafo dixital sobre o que se interveña. No caso en que se substitúa un tacógrafo dixital por outro, farase un informe técnico para o tacógrafo retirado e outro para o tacógrafo instalado. O contido do informe será:

Data:

Identificación do centro técnico.

1. Razón social do centro técnico:
2. Contrásinal asignado:
3. Provincia onde está situado:
4. Municipio (incluíndo código postal):
5. Enderezo postal:

Identificación do técnico que interveñe.

6. Nome e apelidos:

Tipo de intervención realizada.¹

7. () Instalación dun tacógrafo.
8. () Activación dun tacógrafo.
9. () Calibración dun tacógrafo.
10. () Control periódico dun tacógrafo.
11. () Reparación da instalación dun tacógrafo.
12. () Transferencia de datos / substitución dun tacógrafo.

Identificación e outros datos do vehículo.

13. Matrícula:
14. Marca:
15. Propietario:
16. Lectura do hodómetro:
17. Tamaño dos pneumáticos que incorpora:
18. Valor de axuste do dispositivo limitador de velocidade na forma «v=.... km/h»:

Identificación da unidade intravehicular.

19. Marca:
20. Modelo:
21. Contrásinal de homologación:
22. Número de fabricación:

Recoñecemento previo do sensor de movemento e instalación.

23. ¿Coincide o número de serie do sensor de movemento instalado na caixa de cambios do vehículo co rexistrado na memoria da unidade intravehicular?: Si () Non ()²

24. Dispón a instalación de todos os precintos e todos están íntegros?: Si () Non ()³

Medicións realizadas.

25. Circunferencia efectiva dos pneumáticos das rodas na forma «l= mm»:

26. Coeficiente característico do vehículo na forma «w=.... imp/km»:

27. Constante do tacógrafo dixital na forma «k= =.... imp/km»:

En caso de control periódico dun tacógrafo, resultado.⁴

28. () Favorable
29. () Desfavorable

Observacións:

Sinatura do técnico e selo do centro:

Sinatura do usuario:

¹ Sinálese a intervención ou intervencións realizadas.

² Sinálese o que proceda. En caso de «non», indíquese a causa no punto observacións deste informe.

³ Sinálese o que proceda. En caso de «non», indíquese qué precintos e a causa de desconformidade no punto observacións deste informe.

⁴ Sinálese o que corresponda.

ANEXO II
**INFORME SOBRE TRANSFERENCIA DE DATOS/
 CERTIFICADO DE INTRANSFERIBILIDADE**

NÚMERO DE INFORME / CERTIFICADO:

**DATOS DO VEHÍCULO E DA
EMPRESA**

1. Número de matrícula do vehículo:
2. Número de bastidor do vehículo:
3. Fabricante do vehículo:
4. Modelo do vehículo:
5. Nome da empresa de transportes:
6. Enderezo da empresa de transportes:
7. Detalles da tarxeta de empresa:

DATOS DO CENTRO TÉCNICO

8. Nome do centro técnico:
9. Enderezo do centro técnico:
10. Contraseñal do centro técnico:
11. Detalles da tarxeta do centro técnico:
12. Nome do técnico que interveu e sinatura:

DETALLES DA TRANSFERENCIA

A solicitude por escrito da remisión dos datos transferidos pola empresa de transportes débesele xuntar á copia deste documento que se arquite no centro técnico

- | | |
|---|--------|
| 20. ¿Era posible ver os datos en pantalla? | SI/NON |
| 21. ¿Era posible imprimir os datos? | SI/NON |
| 22. ¿Era posible transferir os datos? | SI/NON |
| 23. ¿Puidéronse descargar todos os datos? | SI/NON |
| 24. En caso negativo de 23, ¿por que? | |
| 25. Data de transferencia dos datos desde a unidade intravehicular: | |
| 26. ¿Foron os datos enviados á empresa? | SI/NON |
| 27. Data de envío: | |

**DATOS DA UNIDADE
INTRAVEHICULAR**

13. Nome do fabricante do tacógrafo:
14. Modelo da unidade:
15. Número de serie da unidade:
16. Data de fabricación da unidade:
17. Situación da unidade na cabina:
18. Marca de homologación da unidade:
19. Visibilidade da placa (Req 169/170):

DECLARACIÓN

1. Este documento foi emitido de conformidade cos procedementos establecidos na disposición adicional primeira do Real decreto 425/2005, do 15 de abril.
2. Este documento testemuña que foi posible/ non foi posible¹ transferir os datos almacenados na unidade intravehicular identificada arriba, coa cal estaba equipado o vehículo identificado arriba. En resposta á solicitude por escrito da empresa de transportes identificada arriba:
 - a) Non se lle puideron entregar os datos á empresa de transportes e este documento emítese como certificado de intransferibilidade de acordo co requisito 261 do anexo IB do Regulamento (CEE) n.º 3821/85.²
 - b) Os datos identificados arriba foron enviados á empresa de transportes de acordo co establecido no artigo 14.5 do Regulamento (CEE) n.º 3821/85 e requisito 260 do seu anexo IB².

SINATURA DO TÉCNICO QUE REALIZÓU A INTERVENCIÓN

SINATURA DO RESPONSABLE TÉCNICO

- 1 Rísquese o que non proceda.
- 2 Rísquese de non proceder.

Notas sobre o informe de transferencia de datos

A. Os seguintes datos do informe: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 13, 14, 15, 16, 18 e 19 só se poderán cubrir de se poderen obter da unidade intravehicular ou da documentación do vehículo en que a unidade intravehicular está correctamente instalada. Cando non sexa posible, coas pautas anteriores, cubrir algún dato, porase un guión. No dato 17 farase constar SI cando a unidade intravehicular estea correctamente instalada; noutro caso, farase constar NON.

B. A transferencia de datos só se porá á disposición «da empresa de transportes que corresponda» que é a empresa que utilizou a súa propia tarxeta de empresa para salvagardar os seus datos na unidade intravehicular.

C. Só os datos relativos «á empresa de transportes que corresponda» se porán á disposición da devandita empresa.

D. Débese presentar ao centro técnico un documento que avale a titularidade dos datos por parte da empresa de transportes interesada, ben directamente, por unha autorización ou por un representante, de forma que lle permita ao centro técnico verificar e arquivar a identidade da titularidade.

E. A solicitude dunha copia dos datos transferidos débese solicitar ao centro técnico que emitiu este informe. Os procedementos de remisión que se admiten son: en man a unha persoa, por correo electrónico ou pola internet, por empresa de mensaxaría, por correo certificado. O solicitante debe avaliar a confidencialidade dos datos transferidos para o procedemento de remisión que elixa. O centro técnico non será responsable da violación da confidencialidade dos datos durante a súa remisión.

F. Os datos recuperados da unidade intravehicular identificada neste informe gardaranse no centro técnico durante un ano desde a data da transferencia. Unha vez cumprido o devandito prazo, os datos serán destruídos

laboral, sempre e cando se apliquen as medidas alternativas que se determinen regulamentariamente.

Na xestión dos procedementos establecidos no mencionado Real decreto 27/2000, do 14 de xaneiro, detectáronse dificultades e disfuncións que obstaculizan a correcta aplicación das medidas alternativas previstas, o que aconsella a simplificación e axilización dos devanditos procedementos, e neste sentido a disposición adicional terceira do Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade, estableceu un prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto para proceder á modificación do citado Real decreto 27/2000, do 14 de xaneiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de abril de 2005,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Cumprimento alternativo da obriga de reserva de cadro de persoal en favor dos traballadores con discapacidade. Supostos excepcionais para a exención.*

1. As empresas públicas e privadas que estean obrigadas a contratar persoas con discapacidade nos termos previstos no artigo 38.1 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de minusválidos, poderán excepcionalmente quedar exentas desta obriga, tal e como prevé o referido artigo, de forma parcial ou total, ben a través de acordos recollidos na negociación colectiva sectorial de ámbito estatal e, no seu defecto, de ámbito inferior, a teor do disposto no artigo 83.2 e 3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ben, en ausencia daqueles, por opción voluntaria do empresario, polos motivos establecidos no punto seguinte, sempre que en ambos os supostos se aplique algunha das medidas substitutorias, alternativa ou simultaneamente, que se regulan neste real decreto, en desenvolvemento da mencionada Lei 13/1982, do 7 de abril.

2. Entenderase que concorre a nota de excepcionalidade nos seguintes supostos:

a) Cando a non-incorporación dun traballador con discapacidade á empresa obrigada se deba á imposibilidade de que os servizos públicos de emprego competentes, ou as axencias de colocación, poidan atender a oferta de emprego presentada despois de teren efectuadas todas as xestións de intermediación necesarias para daren resposta aos requirimentos daquela e concluída con resultado negativo, pola inexistencia de demandantes de emprego con discapacidade inscritos na ocupación indicada ou, mesmo existindo, cando acrediten non estaren interesados nas condicións de traballo ofrecidas na devandita oferta.

b) Cando existan, e así o acredite a empresa obrigada, cuestións de carácter produtivo, organizativo, técnico ou económico que motiven a especial dificultade para incorporar traballadores con discapacidade ao cadro de persoal da empresa. Como acreditación das devanditas circunstancias, os servizos públicos de emprego poderán exixir a achega de certificacións ou informes de entidades públicas ou privadas de recoñecida capacidade, distintas da empresa solicitante.

3. As empresas sinaladas no punto 1 deberán solicitar dos servizos públicos de emprego competentes a declaración de excepcionalidade con carácter previo á adopción das medidas alternativas reguladas neste real decreto.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

6308 *REAL DECRETO 364/2005, do 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva en favor dos traballadores con discapacidade.* («BOE» 94, do 20-4-2005.)

O Real decreto 27/2000, do 14 de xaneiro, polo que se establecen medidas alternativas de carácter excepcional ao cumprimento da cota de reserva do dous por cento en favor de traballadores discapacitados en empresas de 50 ou máis traballadores, desenvolveu regulamentariamente o disposto no artigo 38.1 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de minusválidos, que establece que as empresas públicas e privadas que empreguen 50 ou máis traballadores estarán obrigadas a que, polo menos, o dous por cento destes sexan traballadores con discapacidade, e inclúe, así mesmo, a posibilidade de que, excepcionalmente, os empresarios obrigados ao cumprimento da referida cota de reserva poidan quedar exentos desta obriga, cando así se recolla en acordos dentro dunha negociación colectiva sectorial de ámbito estatal ou, no seu defecto, de ámbito inferior, ou por opción voluntaria do empresario, debidamente comunicada á autoridade